

**CARTOGRAFÍA SONORA: HUMANIDADES DIXITAIS PARA A RECUPERACIÓN DO PATRIMONIO
SONORO DE GALICIA**

MONTSERRAT CAPELÁN (IHUS, Universidade de Santiago de Compostela)

LAURA TOURIÑÁN (IH-CCHS, Centro Superior de Investigacións Científicas)

Neste relatorio, presentaremos o proxecto de mapas sonoros históricos que, desde o grupo de investigación *Organistrum* da Universidade de Santiago de Compostela, estamos a desenvolver e que consiste na realización de mapas das sete cidades galegas en diferentes épocas.

Expoñeremos a metodoloxía que deseñamos para o conxunto do proxecto de mapas sonoros históricos, a investigación previa da que partimos e os pasos que seguimos en todo o procedemento. Asemade, mostraremos como a aplicación das Humanidades Dixitais non só implica o uso duns medios diferentes, senón que supón tamén unha modificación da propia investigación que, consecuentemente, deriva na apertura a novas localizacións “periféricas” e, tamén, a colectivos pouco traballados, como as mulleres na música e as pequenas institucións (asociacións culturais, sociedades filharmónicas, cafés etc.). Mostraremos tamén como o mapa sonoro constitúe un modo de recuperar e transferirle á comunidade académica e á cidadanía en xeral, un patrimonio pouco coñecido dunha maneira lúdica a través das rutas que se poden facer tanto *in situ* (percorrendo fisicamente a cidade) como a través da páxina web habilitada.

Como exemplo concreto presentaremos o mapa da cidade da Coruña (1840-1936). Recentemente deseñado, explicaremos tanto a postura da que partimos para a súa realización coma o modo en que construímos cada unha das localizacións (con imaxe, texto e audio), os problemas aos que nos enfrontamos e os engadidos con realidade aumentada que esperamos implantar no futuro.